


O BARCO



DE VAPOR

O canto dos peixes

Marcos Calveiro

PREMIO O BARCO DE VAPOR 2008

*O mar anda que desanda,
anda que desaparece.*

MANOEL ANTONIO

A xerfa do horizonte

CONTAN que un serán de hai máis de vinte séculos, cando as vitoriosas centurias dun emperador romano chegaron a estas ribeiras baixo unha fanfarra de trompas e címbalos, aconteceu un feito abraiante e extraordinario. As lexións estaban convencidas de que acadaran a estrema da terra coñecida, o cabo do mundo. Derreados e enlamados por mor da súa longa andaina entre brañas e touzas, os soldados estomballáronse sobre os penedos quecidos polo solleiro. Dende esa privilexiada atalaia do poñente, contemplaron marabillados a infinidade do mar que se estendía ante os seus ollos de conquistadores invictos. Chegando a tardiña, o faiscante circo sagrado foise mergullando, cachazudo, nas augas bravas, que zarripicaban unha chuvia de salseiro contra as

armaduras da soldadesca. Os lexionarios, arrepiados ante esa noite eterna que seica se lles aveciñaba e ignorando os berros dos seus oficiais, recolleron lábaros, gáleas e lanzas e fuxiron, lixeiros, outeiros abaixo mentres se encomendaban a Marte, o deus da guerra. Nunca máis regresaron a estas terras.

Hoxe, máis de dous mil anos despois, é imposible ver o sol afundíndose na xerfa do horizonte. Impídeo unha borraaxeira xofrada que inza todos os recantos do porto coma os raxos dun polbo pardo. Nin dende os guinches e os guindastres, esas singulares sentinelas que sobrancean entre os cinsentos almacéns. Nin empoleirándose nas altivas torres formadas polos milleiros de colectores que se amorean nos fondeadoiros en precisas e ordenadas ringleiras. Nin dende as terrazas dos edificios máis altos que esfarrapan coas súas antenas e agullas o gran lenzo do ceo. As cousas mudaron moito por aquí e só un pequeno peirao, que se introduce nas augas insás coma un vello navío de pedra, resiste as acometidas dese progreso comellón e desapiadado que todo o devora a grandes

trabadas. Amarradas ao embarcadoiro, esmorecen unhas gamelas e unhas dornas esbrancuxadas; nas súas laxas podrece un enguedello de redes. Sobre elas senta a pequena figura dun mariñeiro: o vello Ismael. Leva unha pucha negra ben calada na súa faciana, deturpada polo paso dos trebóns e dos fumareos salgados. O home mira ao seu redor, como a serviola na proa do barco, e acanea seguido a cabeza. Négase a aceptar a desfeita que arrodea o seu refuxio secreto. Non é quen de recoñecer todo o que o circunda; case sen decatarse, o seu pequeno mundo mudou.

Ismael lembra cando esa natureza, agora morta, rebordaba de vida: os mariñeiros baldeando as gamelas e os bous tras unha xornada de pesca; os estibadores carrexando patelas ategadas de peixes; as redeiras cantando mentres mendaban os aparellos e os velames esgazados, e as gaivotas ventando entre rechouchíos na procura dun gorentoso almorzo. Todo era garulada, chanzas, berros e ledicia. Noutroora, a vida bulía, contenta coma unha cadela rexoubeira, en calquera currunchito daquela pequena vila

mariñá. Hoxe, mudada nunha gran e ruidosa cidade, a única pegada que queda do que foi é o embarcadoiro de pedra.

De súpeto, as labaradas xorden dunha das dornas esbrancuxadas, interrompendo as matinacións do vello Ismael. Sorprendido, olla como, ás súas costas, un cativo, cun chisqueiro nas mans, contempla enfeitizado as brincadeiras do lume que danza sobre as cadernas moventas. O neno, encandeado co rítmico flamear, non se decatou da súa presenza. Ismael, alporizado, érguese con dificultade e vai cara a el.

–Pero que fas, rapaz? –reirimíno, arrichado.

–Ando a matar o tempo, meu –retruca el faltón.

–Es da madeira do demo, lacazán!

–E ti de madeira podre, vello!

Ismael dálle un empurrón que colle o cativo coa garda baixada. O aprendiz de incendiario cae do peirao e vai dar de fociños na lama fedorenta que o devalo deixou á vista. Todo embarrado e contrariado pola xudiada, olla con

carraxe o vello, que insinúa un sorriso na súa boca fanada.

–Estás tolo ou que, vello?

–Ando a matar o tempo, meu –respóndelle Ismael con retranca.

–Eu non lle vexo o chiste!

Ismael escacha coa risa. O rapaz semella unha simpática máscara de entroido e iso que tenta manter a dignidade malia o apurado da súa situación.

–Poderíasme dar unha axuda? –pídelle, apoucado, o rapaz cando se decata do lance no que se atopa.

–Non che sei, ho, non che sei –dubida o vello mentres fai unha gaza nun cabo que colleu entre as redes.

–Por... favor –tatexa o rapaz.

Ao cabo Ismael decídese e guíndallo. Turra del con forza, e o cativo, con atrancos, alcanza o peirao. Enlamado e arquexando, perdeu toda a súa fachenda e chulería. Semella un animalíño orfo a piques de chorar. Ismael óllao cun chisco de compaixón. O pobriño andaré polos dez ou once anos.

–Veña, ho, que non é para tanto!

–Si que é, vello do carallo!

–Non me faltes, neno, que vas ao bulleiro outra vez.

O rapaz, anoxado, lisca coma un foguete, deixando tras del un ronsel lamacente sobre as laxas do peirao.

Ismael olla con tristura o esqueleto fumegante da dorna, aínda lembra o día que a botaran ao mar. Bateáranas como *A' Dorita* e o seu dono fora O Xan da Cangrexas, un bo mariñeiro, honrado e valente, capaz de arriscar a súa vida por salvar un compañeiro que se vise nunha boa apurada. Amais, era o mellor piloto de dornas da ría; premendo ben da escota, serpeaba, cun xeito incomparable, entre os perigosos cons. Coñecía ben os fondos e sabía dos seus baixíos traizoeiros, que mudaban dun día para outro por causa da area arrastrada polos ríos que dende había séculos rillaban coma ratos a codia destas terras. Esa mesma mañá empregábaa agora para gobernar a súa cadeira de rodas no asilo onde esmorecía, lonxe das augas que lle deran sona. Polos seus longos corredores,

O Xan, serpeaba co mesmo xeito de sempre, entre enfermeiras con bandexas de medicinas e vellos desmemoriados con caxatos e cueiros.

Ismael tivera sorte: aínda pode valerse. Non sabe por canto tempo, pero mentres lle quede un alento de vida, un chisco de forza nas súas pernas trementes e lembre o camiño, seguirá acudindo a diario ao seu benquerido peirao. Ata que un dos dous, o peirao ou el, desapareza baixo as augas do esquecemento para sempre.

Nos días que seguen, o rapaz, agochado tras dunha boia despintada, uns días, e no interior dunha cheminea enferruxada, os outros, axexa o vello no embarcadoiro. Ismael decátase da súa presenza dende o comezo, mais non lle dá importancia. Sabe que non procura vinganza polo incidente; sente, nada máis, a curiosidade natural dos seus poucos anos de vida. E sabe tamén que, máis tarde ou máis cedo, se achegará e falarán.

É só unha cuestión de tempo. O que non sabe é canto.